

EFVS 2º BAC	Curso 2021-22
2º TRIMESTRE	Proxecto de dinamización
EXTRACTO DA PROGRAMACIÓN DA MATERIA	
INSTRUMENTOS DE AVALIACION: CODIGO INSTRUMENTO VALOR A Asistencia 50 % P Participacion 30 % PR Proxecto 20 % • ASISTENCIA: Asistencia semanal as sesións de Educacion Fisica e puntualidade. • PARTICIPACION: 1.1 Uso adecuado da vestimenta deportiva establecida en funcion do contido desenvolvido. 1.2 Respecto e bo uso do material e instalacions. Colaboracion na colocacion e recollida do material. 1.3 Mostrar actitudes de cooperacion cos demais e de respecto as diferenzas individuais. 1.4 Mostrar actitudes de autodisciplina e iniciativa persoal. 1.5 Participar mostrando esforzo e interese nas distintas actividades propostas 1.6 Participar en competicións de modalidades deportivas individuais/colectivas executando os distintos roles que atopamos na competición. PROXECTO: 1.1 Participacion, desenvolvemento e avaliacion dun proxecto de intervencion relacionado coa promocion da actividade fisica con influencia no seu contexto proximo (no instituto). 1.2 Utilizacion das tecnoloxias da informacion para buscar, recoller, seleccionar, procesar, presentar de maneira correcta a informacion e difundir o proxecto a outros.	
EXTRACTO DA PROGRAMACIÓN DA MATERIA	
Proxectos de Aprendizaxe servizo. Fase 1: Identificar unha necesidade no contexto próximo á que é posible dar solución cos nosos recursos Antecedentes de proxectos similares. Fase 2: Diseñar un plan de acción composto de actividades de aprendizaxe e servizo, establecendo as conexións necesarias para darlles resposta. Permisos. Seguros. Repartición de responsabilidades individuais e grupales. Fase 3: Aplica o proxecto. Permisos. Seguros. Publicidade. Fase 4: Avaliar o proxecto (servizo prestado, impacto de cambio social, aprendizaxes realizadas, desenvolvemento de competencias, continuidade do proxecto, etc.). Fase 5: Difundir o proxecto. Claves do éxito: Proxectos sinxelos. Basearse no feito por outros. Necesidade real do contexto. Compromisos persoais claros. Confianza nas persoas. Ter claro o que imos aprender co proxecto. Vixiar a organización (espacial, material e das persoas). Dar a coñecer o proxecto. Recursos útiles: Documento descargable 'Práctica APS: guía prácticas de aprendizaxe-servizo para mozos'. Libros, monográficos en revistas educativas e documentos co título: A aprendizaxe servizo en Educación Física ou Aprendizaxe e servizo. Exemplos de proxectos de aprendizaxe servizo para a promoción da actividade física: Apadriñar a un neno/a de secundaria nunha actividade concreta, diseñar sesións de xogos para outros, sendeirismo con maiores, taller de reciclaxe de bicicletas ou patíns, sensibilizar ante a discapacidade, integración de colectivos singulares, dinamizar un espazo público (parque, praza, rúa, etc.), concurso-exposición de fotos que fomenten a actividade física, campaña de recollida de material deportivo para poboacións desfavorecidas, organización de eventos solidarios (carreiras, saídas con patíns, etc.), organizar recreos activos, realizar un lipdub, organizar torneos de centro en semanas culturais e colaborar co proxecto DAFIS da Secretaría Xeral para o Deporte.	